

**DECRETO DE CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO 2024/G007/000004.**

**DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, primeiro tenente de alcaldesa en funcións de alcalde do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar o vindeiro **xoves**, día **18 de xaneiro**, ás **17:00 HORAS**, para os efectos de proceder á **ELECCIÓN DE ALCALDE/SA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**, logo da renuncia efectuada ante o Pleno extraordinario celebrado o pasado día 12 de xaneiro de 2024 pola anterior titular da Alcaldía.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión no disposto no artigo 40.5 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro.

Notifíqueselles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

*Asinado polo primeiro tenente de alcaldesa, en funcións de alcalde presidente, don Rubén Arroxó Fernández*